

Bispado de Tui-Vigo  
BOLETÍN OFICIAL

Ano 166-Xaneiro-Febrero 2024

Edita: Bispado de Tui-Vigo.

Dirige: Manuel Lage Lorenzo.

Administra: Vicaría Económica.

Dirección: Doctor Corbal 90. 36207 Vigo.

Teléfono: 986 375 153

E-mail: [bispado@diocesetuivigo.org](mailto:bispado@diocesetuivigo.org)


D.L. VG. 46

# IGREXA

# DIOCESANA



*BISPO*



*Beati misericordes*

## **Mensajes.**

### **Xornada da Vida Consagrada 2024.**

#### **Aquí estou, Señor, fágase a túa vontade.**

Co lema «Aquí estou, Señor, fágase a túa vontade» celebramos a XXVIII Xornada Mundial da Vida Consagrada, que coincide cada ano coa festa da Presentación do Señor, o 2 de febreiro. Esta Xornada lembra o don das persoas consagradas, para a Igrexa e para o mundo.

A Xornada da Vida Consagrada é unha celebración importante na nosa Diocese porque os consagrados e as consagradas entregaron a súa vida sempre, e seguen facéndoo hoxe, para manter en pé a nosa fidelidade a Cristo e para levar a cabo o compromiso eclesial con todos os homes e mulleres, especialmente, cos máis pobres. Non poderíamos entender a realidade e a historia da nosa Diocese sen a presenza constante e a radical forza renovadora da vida consagrada. Cada recuncho da nosa Diocese está marcado polo testemuño vivo de persoas consagradas que, coa súa riqueza de modos e carismas inspirados polo Espírito Santo, iluminaron a vida dos nosos fieis. A forza inspiradora da vida consagrada é un legado fundamental da nosa historia diocesana.

Os bispos da Comisión Episcopal para a Vida Consagrada dinnos na súa mensaxe deste ano que a persoa consagrada pode dicir con plena conciencia: «Aquí estou». Máis aínda, recalcan que o «aquí estou» con toda a súa forza, convértese nun “aquí estamos”. «Non só porque onde un cristián di “eu” está a dicir “nós”, senón porque o nós eclesial e da Vida Consagrada do momento en que vivimos convídannos a ofrecernos e dispoñernos

a buscar, procurar e facer a vontade divina como comunidade, como pobo de Deus en camiño».

Polo que se refire á segunda parte da oración, o «Fágase a túa vontade», explica a mensaxe dos bispos que encerra un compromiso profético para unha Igrexa sinodal en misión. Porque cada persoa consagrada recibe o amor e a chamada e a súa resposta de amor é, á vez, individual e comunitaria. Tamén explican que nesa resposta búscase facer a vontade de quen chama, fuxindo de caprichos persoais e rexeitando o pecado e, por suposto, todo delito. Por todo iso, son conscientes de que se deron faltas graves na Vida Consagrada «polas que non nos cansaremos de pedir perdón».

Dou grazas ao señor con todos vós polo don da vida consagrada á Igrexa e ao mundo. E convíдовos a renovar con alegría a vosa consagración desde o máis fondo do corazón, xa sexa no ámbito das vosas Comunidades, xa na celebración diocesana que teremos na Parroquia de santo Antonio da Florida da cidade de Vigo.

Quero agradecervos toda a vosa entrega e compromiso con esta Diocese de Tui-Vigo que é a vosa casa, como ben sabedes. Especialmente recordo e pido ao Señor polos relixiosos e relixiosas maiores que nos abriron camiños de esperanza e loitaron sen desfalecer o bo combate da fe.

Unidos na fraternidade e no gozo da esperanza.

O voso afmo. en Xesucristo.

+ Luís Quinteiro Fiuza,  
bispo de Tui-Vigo

## **Aquí estoy, Señor, hágase tu voluntad (Castellano).**

Con el lema «Aquí estoy, Señor, hágase tu voluntad» celebramos la XXVIII Jornada Mundial de la Vida Consagrada, que coincide cada año con la fiesta de la Presentación del Señor, el 2 de febrero. Esta Jornada recuerda el don de las personas consagradas, para la Iglesia y para el mundo.

La Jornada de la Vida Consagrada es una celebración importante en nuestra Diócesis porque los consagrados y las consagradas han entregado su vida siempre, y siguen haciéndolo hoy, para mantener en pie nuestra fidelidad a Cristo y para llevar a cabo el compromiso eclesial con todos los hombres y mujeres, especialmente, con los más pobres. No podríamos entender la realidad y la historia de nuestra Diócesis sin la presencia constante y la radical fuerza renovadora de la vida consagrada. Cada rincón de nuestra Diócesis está marcado por el testimonio vivo de personas consagradas que, con su riqueza de modos y carismas inspirados por el Espíritu Santo, han iluminado la vida de nuestros fieles. La fuerza inspiradora de la vida consagrada es un legado fundamental de nuestra historia diocesana.

Los obispos de la Comisión Episcopal para la Vida Consagrada nos dicen en su mensaje de este año que la persona consagrada puede decir con plena conciencia: «Aquí estoy». Más aún, recalcan que el «aquí estoy» con toda su fuerza, se convierte en un «aquí estamos». «No solo porque donde un cristiano dice “yo” está diciendo “nosotros”, sino porque el nosotros eclesial y de la Vida Consagrada del momento en que vivimos nos invitan a ofrecernos y disponernos a buscar, procurar y hacer la voluntad divina como comunidad, como pueblo de Dios en camino».

Por lo que se refiere a la segunda parte de la oración, el «Hágase tu voluntad», explica el mensaje de los obispos que

encierra un compromiso profético para una Iglesia sinodal en misión. Porque cada persona consagrada recibe el amor y la llamada y su respuesta de amor es, a la vez, individual y comunitaria. También explican que en esa respuesta se busca hacer la voluntad de quien llama, huyendo de caprichos personales y rechazando el pecado y, por supuesto, todo delito. Por todo ello, son conscientes de que se han dado faltas graves en la Vida Consagrada «por las que no nos cansaremos de pedir perdón».

Doy gracias al señor con todos vosotros por el don de la vida consagrada a la Iglesia y al mundo. Y os invito a renovar con alegría vuestra consagración desde lo más hondo del corazón, ya sea en el ámbito de vuestras Comunidades, ya en la celebración diocesana que tendremos en la Parroquia de san Antonio de la Florida de la ciudad de Vigo.

Quiero agradeceros toda vuestra entrega y compromiso con esta Diócesis de Tui-Vigo que es vuestra casa, como bien sabéis. Especialmente recuerdo y pido al Señor por los religiosos y religiosas mayores que nos abrieron caminos de esperanza y lucharon sin desfallecer el buen combate de la fe.

Unidos en la fraternidad y en el gozo de la esperanza.

+ Luis Quinteiro Fiuza,  
obispo de Tui-Vigo



## **Campaña «Contra a fame» de Mans Unidas 2024.**

### **O efecto ser humano**

Desde hai máis de 65 anos, no mes de febreiro, Mans Unidas convoca a campaña «Contra a fame», para axudarnos a tomar conciencia da desigualdade que existe no mundo e, así, tratar de erradicar a pobreza, a fame e a miseria, creando un planeta no que se respecten os dereitos humanos. Grazas a esta campaña, no ano 2022, Mans Unidas apoiou a preto de 2 millóns de persoas, en países de África, América e Asia.

No ano 2024, a organización da Igrexa en España para a cooperación ao desenvolvemento pon o foco no cambio climático e, en concreto, en como a desigualdade ambiental afecta a millóns de persoas, sobre todo, do sur global, minguando as súas necesidades básicas. Mans Unidas convídanos a espertar os sentidos e comprometermos no coidado da casa común para que todos os seres humanos poidamos vivir con dignidade, fortalecendo «a conciencia de que somos unha soa familia humana» —tal e como expresa o papa Francisco na *Laudato Si*—.

Lembremos as palabras do salmista: «do Señor é a terra e cuanto contén»; unha terra que nos entregou para cultivar, dar froito e ser fecunda... En definitiva, o Señor chámanos a ser copartícipes da obra creadora, custodios da Terra, na que todos os seres humanos —como esa gran familia que soña o Santo Padre— poidamos vivir con dignidade, crecendo en amor ao próximo.

Hoxe, o problema do noso mundo é un problema de solidariedade. Podemos ter a tentación de vivir á marxe do que sucede, de durmirmos ante esta realidade de pobreza. Pero se abrimos os ollos, darémonos conta de que, nas nosas rúas, na nosa contorna próxima, atopamos centos de rostros que se ven afectados pola desigualdade ambiental. Co lema «O efecto ser

humano», Mans Unidas pon de manifesto que o home é o único capaz de reverter esta situación de desigualdade, que el mesmo propiciou.

Cada un de nós, cun xesto —aínda que sexa pequeno—, temos a oportunidade de cambiar a situación. Podemos, por exemplo, previr a mortalidade humana por inundacións, secas e tormentas que, entre 2010 e 2020, foi 15 veces maior nas rexións altamente vulnerables, en comparación coas rexións de moi baixa vulnerabilidade; ou tratar de garantir o acceso á electricidade que, neste momento, non chega a 733 millóns de persoas do planeta.

Xesús lémbra-nos no Evanxeo que Deus non se esquece da súa creación. Con todo, quere contar connosco para sandar esta Terra que, como diría san Paulo, «xeme e sofre dores de parto». Con esta campaña «Contra a fame», Mans Unidas ofrécenos unha oportunidade para sumarnos ao cambio, porque o «efecto ser humano» pode destruír, pero tamén pode reconstruír a casa común na que estamos chamados a coexistir toda a humanidade.

Co meu afecto e oración.

+ Luís Quinteiro Fiuza,  
bispo de Tui-Vigo

## **El efecto ser humano (Castellano)**

Desde hace más de 65 años, en el mes de febrero, Manos Unidas convoca la campaña «Contra el hambre», para ayudarnos a tomar conciencia de la desigualdad que existe en el mundo y, así, tratar de erradicar la pobreza, el hambre y la miseria, creando un planeta en el que se respeten los derechos humanos. Gracias a

esta campaña, en el año 2022, Manos Unidas ha apoyado a cerca de 2 millones de personas, en países de África, América y Asia.

En el año 2024, la organización de la Iglesia en España para la cooperación al desarrollo pone el foco en el cambio climático y, en concreto, en cómo la desigualdad medioambiental afecta a millones de personas, sobre todo, del sur global, mermando sus necesidades básicas. Manos Unidas nos invita a despertar los sentidos y comprometernos en el cuidado de la casa común para que todos los seres humanos podamos vivir con dignidad, fortaleciendo «la conciencia de que somos una sola familia humana» -tal y como expresa el papa Francisco en la *Laudato Si-*.

Recordemos las palabras del salmista: «del Señor es la tierra y cuanto contiene»; una tierra que nos ha entregado para cultivar, dar fruto y ser fecunda... En definitiva, el Señor nos llama a ser coparticipes de la obra creadora, custodios de la Tierra, en la que todos los seres humanos —como esa gran familia que sueña el Santo Padre— podamos vivir con dignidad, creciendo en amor al prójimo.

Hoy, el problema de nuestro mundo es un problema de solidaridad. Podemos tener la tentación de vivir al margen de lo que sucede, de dormirnos ante esta realidad de pobreza. Pero si abrimos los ojos, nos daremos cuenta de que, en nuestras calles, en nuestros entornos cercanos, encontramos cientos de rostros que se ven afectadas por la desigualdad medioambiental. Con el lema «El efecto ser humano», Manos Unidas pone de manifiesto que el hombre es el único capaz de revertir esta situación de desigualdad, que él mismo ha propiciado.

Cada uno de nosotros, con un gesto —aunque sea pequeño—, tenemos la oportunidad de cambiar la situación. Podemos, por ejemplo, prevenir la mortalidad humana por

inundaciones, sequías y tormentas que, entre 2010 y 2020, fue 15 veces mayor en las regiones altamente vulnerables, en comparación con las regiones de muy baja vulnerabilidad; o tratar de garantizar el acceso a la electricidad que, hoy por hoy, no llega a 733 millones de personas del planeta.

Jesús nos recuerda en el Evangelio que Dios no se olvida de su creación. Sin embargo, quiere contar con nosotros para sanar esta Tierra que, como diría san Pablo, «gime y sufre dolores de parto». Con esta campaña «Contra el hambre», Manos Unidas nos ofrece una oportunidad para sumarnos al cambio, porque el «efecto ser humano» puede destruir, pero también puede reconstruir la casa común en la que estamos llamados a coexistir toda la humanidad.

Con mi afecto y oración.

+ Luis Quinteiro Fiuza,  
obispo de Tui-Vigo

## **Semana Santa 2024**

A Semana Santa é a gran celebración litúrxica do Ano Cristián. En todas as nosas parroquias consérvase unha historia viva destas celebracións que nos transmitiron os nosos maiores. Á beira destas celebracións litúrxicas, renovadas despois do Concilio vaticano II, consérvanse moitos actos relixiosos, nados fundamentalmente á calor da piedade popular, que expresan o sentimento dos cristiáns ao conmemorar os acontecementos centrais da vida e morte do noso Señor Xesucristo. Entre eses actos piadosos atopamos unha riquísima variedade de manifestacións da piedade popular que fan da cultura cristiá un tesouro único e intemporal.

As procesións de Semana Santa forman parte dese tesouro vivo da fe cristiá. Estas procesións en España están tan encarnadas na nosa cultura que xa non se pode entender sen elas a alma profunda do noso pobo. Porque é o noso pobo cristián o que cada ano crea de novo estes monumentos da piedade. As procesións de Semana Santa non son obras de teatro que representan actores de acordo a un guiión preestablecido. Son expresións da fe cristiá que nacen da experiencia e do corazón de homes e mulleres de fe.

Hai procesións de Semana Santa que teñen unha historia de moitos séculos. En España hai moitas con esta singular historia. E hainas tamén na nosa Diocese de Tui-Vigo. Outras teñen menos anos, pero son tamén moi importantes porque teñen o sabor do auténtico, do que se foi construíndo con moito agarimo e esforzo. En Vigo temos algunhas dese carácter. Unhas e outras teñen moita importancia para a nosa fe cristiá porque supoñen un profundo compromiso de pastores e fieis para manter vivas as raíces da piedade cristiá e para renovar as grandes tradicións do pobo de Deus.

Neste ano celebraremos pronto a Semana Santa. Ao longo da Coresma escoitamos a voz da Igrexa que nos convida ao arrepentimento persoal e á conversión comunitaria. As nosas parroquias e comunidades están a prepararse intensamente para revivir na fe os grandes misterios da vida de Xesús. As nosas rúas acollerán respectuosas as procesións que acompañan aos grandes pasos da Semana Santa. Tamén se preparan os nosos catecúmenos para a gran noite de Pascua.

Quero convidarvos a todos a participar intensamente nas próximas celebracións das nosas parroquias neste tempo de graza que é a Semana Santa. A vida espiritual das nosas parroquias necesita da participación de todos. Hoxe valoramos especialmente a participación de nenos e mozos porque eles serán o futuro pobo de Deus. Eles serán os que renoven as nosas tradicións e as nosas procesións. Por iso, as nosas parroquias e as confrarías deben asumir con decisión e con confianza este reto de que os máis novos se decidan a asumir o protagonismo que lles corresponde nas nosas celebracións de Semana Santa. Non é unha utopía. Hai que intentalo con resolución.

Unido a todos vós na fe e na esperanza.

+ Luís Quintero Fiuza,  
bispo de Tui-Vigo

## **Semana Santa 2024 (Castellano)**

La Semana Santa es la gran celebración litúrgica del Año Cristiano. En todas nuestras parroquias se conserva una historia viva de estas celebraciones que nos transmitieron nuestros mayores. Al lado de estas celebraciones litúrgicas, renovadas después del Concilio vaticano II, se conservan muchos actos

religiosos, nacidos fundamentalmente al calor de la piedad popular, que expresan el sentimiento de los cristianos al conmemorar los acontecimientos centrales de la vida y muerte de Nuestro Señor Jesucristo. Entre esos actos piadosos encontramos una riquísima variedad de manifestaciones de la piedad popular que hacen de la cultura cristiana un tesoro único e intemporal.

Las procesiones de Semana Santa forman parte de ese tesoro vivo de la fe cristiana. Estas procesiones en España están tan encarnadas en nuestra cultura que ya no se puede entender sin ellas el alma profunda de nuestro pueblo. Porque es nuestro pueblo cristiano el que cada año crea de nuevo estos monumentos de la piedad. Las procesiones de Semana Santa no son obras de teatro que representan actores de acuerdo a un guion preestablecido. Son expresiones de la fe cristiana que nacen de la experiencia y del corazón de hombres y mujeres de fe.

Hay procesiones de Semana Santa que tienen una historia de muchos siglos. En España hay muchas con esta singular historia. Y las hay también en nuestra Diócesis de Tui-Vigo. Otras tienen menos años, pero son también muy importantes porque tienen el sabor de lo auténtico, de lo que se ha ido construyendo con mucho cariño y esfuerzo. En Vigo tenemos algunas de ese carácter. Unas y otras tienen mucha importancia para nuestra fe cristiana porque suponen un profundo compromiso de pastores y fieles para mantener vivas las raíces de la piedad cristiana y para renovar las grandes tradiciones del pueblo de Dios.

En este año celebraremos pronto la Semana Santa. A lo largo de la Cuaresma hemos escuchado la voz de la Iglesia que nos invita al arrepentimiento personal y a la conversión comunitaria. Nuestras parroquias y comunidades se están preparando intensamente para revivir en la fe los grandes misterios de la vida de Jesús. Nuestras calles acogerán respetuosas las procesiones

que acompañan a los grandes pasos de la Semana Santa. También nuestros catecúmenos se preparan para la gran noche de Pascua.

Quiero invitaros a todos a participar intensamente en las próximas celebraciones de nuestras parroquias en este tiempo de gracia que es la Semana Santa. La vida espiritual de nuestras parroquias necesita de la participación de todos. Hoy valoramos especialmente la participación de niños y jóvenes porque ellos serán el futuro pueblo de Dios. Ellos serán los que renueven nuestras tradiciones y nuestras procesiones. Por ello, nuestras parroquias y las cofradías deben asumir con decisión y con confianza este reto de que los más jóvenes se decidan a asumir el protagonismo que les corresponde en nuestras celebraciones de Semana Santa. No es una utopía. Hay que intentarlo con resolución.

Unido a todos vosotros en la fe y en la esperanza.

+ Luis Quinteiro Fiuza,  
obispo de Tui-Vigo



## **Cartas.**

### **Carta a los sacerdotes de nuestra diócesis**

Querido sacerdote:

Deseo que estas primeras líneas sirvan de saludo y de motivación en estos primeros compases del nuevo curso. Precisamente en este contexto quiero hablarte de una experiencia que creo puede ser muy interesante para ti y para los fieles de tu parroquia: *Retiro de Emaus*. En un momento en el que todos vivimos no pocas dificultades a la hora de crear espacios de renovación espiritual y de ejercitar la creatividad pastoral considero que esta propuesta puede ayudarnos a abrir nuevos caminos y horizontes de esperanza tanto a nivel personal como comunitario.

Para que puedas conocer un poco más esta iniciativa te hago llegar una breve presentación de la misma y el contacto de sus responsables en nuestra diócesis: Jesús Maraña y José Echevarría. Pronto ellos mismos se pondrán en contacto contigo para favorecer un encuentro más personal y operativo. ¡Ojalá esta iniciativa pueda cuajar en nuestra Iglesia de Tui-Vigo y dar el fruto que ya está dando en tantos otros lugares!

Con mi gratitud y bendición.

+ Luis Quinteiro Fiuza.  
Obispo de Tui-Vigo

---

*VICARÍA DE ASUNTOS*

---

*ECONÓMICOS*

## **Acordos do consello de economía 2023**

### **Permanente 17 de xaneiro**

ASUNTO: Solicitud de axuda económica para restaurar o retablo da igrexa parroquial de Priegue.

ACORDO: A Permanente resolve non acceder a solicitude.

ASUNTO: Solicitud de axuda económica para restaurar unha imaxe da parroquia de Luneda.

ACORDO: A Permanente resolve non acceder a solicitude.

ASUNTO: Solicitud de axuda económica para acometer obras na igrexa de Santiago de Vigo.

ACORDO: A Permanente resolve acceder, no presunto caso de que precise un préstamo bancario avalarllo.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Valadares para poder alugar a reitoral.

ACORDO: A Permanente resolve acceder a solicitude.

### **Permanente 31 de xaneiro**

ASUNTO: Petición de doazón dunha parcela por parte da AAVV “Castelo” de Pesqueiras.

ACORDO: Ao tratarse dunha enaxenación, este asunto pasa ao Pleno do Consello de Asuntos Económicos.

ASUNTO: Solicitud do párroco de San Lourenzo de Arnosó para restaurar o retablo Maior e petición de axuda económica.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve, por unha banda autorizarlle a restauración unha vez que teña os permisos da administración competente e en canto a axuda económica, denégase xa que nos presupostos diocesanos non se contempla este tipo de axudas.

ASUNTO: Solicitud do párroco do Divino Salvador de Cristiñade para restaurar o retablo das Dores e petición de axuda económica.

ACORDO: a Permanente resolve que unha vez que teña os permisos necesarios, autorízase o solicitado.

ASUNTO: Solicitud de permiso para acometer obras na reitoral de A Franqueira.

ACORDO: A Permanente resolve que unha vez que teña todos os permisos necesarios, autorízase a solicitude.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Santa Baia de Alcabre para poder alugar a reitoral.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Castrelos para que o Bispado lle pague unha factura.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve non acceder a esta solicitude.

### **Pleno 17 de febreiro.**

ASUNTO: Petición de doazón dunha parcela por parte da AAVV “Castelo” de Pesqueiras.

ACORDO: o Pleno do Consello acepta esta petición, pero antes de levala a cabo, que a Asociación faga os servizos prometidos.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Santa Baia de Alcabre para poder alugar a reitoral.

ACORDO: o Pleno do Consello acorda que este tema sexa resolto nunha sesión da Permanente.

ASUNTO: Don José Miguel Oreiro presenta un escrito cunha proposta económica para xestionar unha hospedería no Seminario Menor.

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos económicos móstrase favorable a esta petición, salvando sempre a peculiaridade do edificio.

ASUNTO: Solicitud por parte de Cáritas dun préstamo de 100.000€ a devolver en tres anos, con un ano de carencia.

ACORDO: Créese necesario que alguén de Cáritas veña a expor a súa petición e a facernos coñecedores da situación xa que desta maneira temos poucos datos.

ASUNTO: Don Xabier Alonso Docampo, Delegado Episcopal de Acción Caritativa e Social presenta un escrito solicitando que a Diocese asuma se é posible a contratación dunha traballadora Social. Sería un custo de 17.000€ por seis meses.

ACORDO: o Pleno do Consello de Asuntos Económicos accede a esta solicitude.

ASUNTO: Solicitud de cambio no orzamento nas obras da Reitoral de O Viso. Incremento de 5057,80€

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos Económicos accede ao cambio do orzamento.

### **Permanente 10 de marzo.**

ASUNTO: Solicitud para alugar a reitoral de Valadares.

ACORDO: A Permanente acorda proceder a realización do contrato como é costume, depositar a fianza na Xunta de Galicia e estipular un prezo segundo mercado.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Santa Baia de Alcabre para alugar a reitoral.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a que se formule un contrato como é costume, depositando a fianza na Xunta de Galicia, axustando un prezo de mercado do ben de entre 1000€/1500€, e cobro bancario do aluguer.

ASUNTO: A empresa CELLNEX solicita renovar o contrato de aluguer de antenas no Seminario Maior de Vigo.

ACORDO: Ante esta situación, do informe desfavorable dos formadores do Seminario, o parecer deste consello, analizando a proposta presentada non accede a solicitude.

ASUNTO: Solicitude para acometer obras na reitoral de Santa María de Vigo.

ACORDO: Ao ter tódolos permisos, a Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a súa solicitude.

ASUNTO: Solicitude para acometer obras na reitoral de Santa Miguel de Bouzas.

ACORDO: Ao ter tódolos permisos, a Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a súa solicitude.

ASUNTO: Solicitude para acometer obras na igrexa parroquia de Santa María da Guía de Randufe.

ACORDO: Ao ter tódolos permisos, a Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a súa solicitude.

ASUNTO: Solicitude para arranxar o tellado da casa reitoral de A Lamosa e petición de axuda económica.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos concédelle unha axuda de 1000€, pero se a casa reitoral fose para alugar, terían que reverter na Diocese.

ASUNTO: Solicitude para ceder un terreo a CCMM de Arnoso.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos, acorda non acceder a esta solicitude, posto que a información sobre a finca en cuestión non é correcta.

ASUNTO: Solicitude para acometer obras na reitoral de Caldelas de Tui e petición de axuda económica.

ACORDO: a Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a súa petición e concédelle a axuda solicitada de 1000€.

ASUNTO: Solicitud de Cesión da AAVV “O Cruceiro” de A Laxe dunha casa.

ACORDO: Ao tratarse dunha posible enaxenación pasa ao Pleno do Consello de Asuntos Económicos. É preciso solicitarlle aos párrocos que elaboren un informe sobre este caso para ser tratado.

ASUNTO: Viña Nora SL Bodegas solicita a poder alugar a finca da Reitoral de Santiago de Ribarteme.

ACORDO: En canto este asunto, estamos a espera doutra oferta. Ao tela, pasaría ao pleno do Consello.

ASUNTO: Don Manuel Lage presenta dous presupostos para mercar un moble para o Arquivo do Bispado.

ACORDO: Solicita permiso para mercado e concédeselle.

### **Permanente do 5 de maio.**

ASUNTO: Solicitud co Concello de Salvaterra para a colocación dunha marquesiña en Alxén.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve que sempre que teñan todos os permisos oportunos, autorízase a colocación da marquesiña solicitada.

ASUNTO: Solicitud de aluguer dunha finca na parroquia de Bembrive.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Asuntos Económicos.

ASUNTO: Solicitud de autorización para asinar un contrato con Cáritas na parroquia de A Inmaculada (Vigo)

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos móstrase favorable a cesión solicitada por parte de Cáritas, sempre e cando a duración da mesma sexa sempre menor a 10 anos.

ASUNTO: Solicitud de do párroco de Santa María de Reboreda de axuda económica para pagar un proxecto de 14.000€.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve conceder unha axuda do 50% do prezo do proxecto.

ASUNTO: Solicitud de do párroco de San Miguel de Bouzas para alugar unhas vivendas parroquiais.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve concederlle permiso ao interesado para poder alugar as vivendas parroquiais.

ASUNTO: Solicitud de do párroco de San Miguel de Pereiras para unha cesión do adro.

ACORDO: O Concello solicita 50 anos de cesión. Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud para modificar o contrato coa Abadía de Eiras.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

### **Outros asuntos:**

ASUNTO: Solicitud de do párroco de San Miguel de Bouzas para a venda dun baixo, compra dunha edificación e formalización dun préstamo co aval do Bispado.

ACORDO: Este tema pasa ao pleno do Consello de asuntos económicos.

ASUNTO: Solicitud de do presidente do SC San Mateo para que se lle doe a AAVV de San Mauro unha parcela.



ACORDO: Este tema xa foi tratado en agosto de 2020, a resolución da Permanente foi que non parece oportuno ceder esta parcela, o parecer a día de hoxe segue sendo o mesmo.

ASUNTO: Solicitud para cultivar durante un ano na finca da Reitoral de Chandebrito

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía autoriza dita cesión dun ano para o cultivo de millo.

### **Pleno 26 de maio.**

ASUNTO: Proxecto de prolongación da residencia sacerdotal no Seminario Maior. A súa execución estaría en torno os 405.000€ co IVE incluído.

ACORDO: Sométese a votación o proxecto quedando aprobado por unanimidade.

ASUNTO: Solicitud de doazón dunha casa antiga na parroquia de A Laxe.

ACORDO: o Pleno do Consello de Asuntos Económicos acorda que a AAVV demostre de algunha maneira con documentación que este ben inmoble foi mal inmatriculado e foi propiedade desta AAVV.

ASUNTO: Solicitud da Asociación Cultural e Recreativa Arume de Malvas para cederlle por 25 anos a casa reitoral.

ACORDO: A Pleno resolve que sexa o Concello de Tui quen presente a solicitud.

ASUNTO: Solicitud de compra de propiedades para uso pastoral na Franqueira.

ACORDO: Sométese a votación esta petición co resultado de 6 votos a favor e 2 en contra. Concédese a autorización para mercar e un aval bancario para solicitar o préstamo.

ASUNTO: Solicitud de uso da “Casa de Escola” por parte da Asociación Cultural e Veciñal Amistade de Rebordechán

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos Económicos accede a esta solicitude, cunha cesión de 5 anos renovables por outros 5.

ASUNTO: Posibilidade de alugar unha parte do igrexario parroquial de Santiago de Ribarteme.

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos económicos accede a esta solicitude, cunha cesión de 5 anos por outros 5 renovables.

ASUNTO: Solicitud do párroco de San Miguel de Bouzas para a venda dun baixo, compra dunha edificación e formalización dun préstamo co aval do Bispado.

ACORDO; O Pleno do Consello de Economía resolve que o solicitante presente máis información sobre o ben que pretende mercar.

ASUNTO: Solicitud de aluguer dunha finca na parroquia de Bembrive.

ACORDO: Este tema queda para resolver nunha Permanente.

ASUNTO: Solicitud do párroco de San Miguel de Pereiras para unha cesión do adro.

ACORDO: O Pleno do Consello de economía aproba esta solicitude sempre que sexa a 25 anos e tendo en conta que se reserven varias prazas para as persoas con mobilidade reducida e para o párroco.

ASUNTO: Solicitud para modificar o contrato coa Abadía de Eiras.

ACORDO: O Pleno resolve aceptar 15 anos de cesión e sen subir o prezo que están pagando actualmente polo inmovible.

ASUNTO: Aprobación das contas diocesanas.

ACORDO: O Pleno aproba tanto a partida de ingresos como de gastos das contas.

ASUNTO: Información do equipo de Cáritas sobre un préstamo solicitado de 100,000€

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos Económicos acepta conceder o préstamo solicitado.

### **Outros asuntos:**

ASUNTO: Solicitud de aceptación dunha doazón dun terreo en Santa María de Campo (Covelo)

ACORDO: O Pleno do Consello de Economía resolve aceptar a recepción do terreo e así solventar a corrección por discrepancias.

ASUNTO: Comunicación de venta dun inmovible en Allariz e doutro compartido cunha herdeira

ASUNTO: Infórmase que o Plan Compliance está rematado.

ASUNTO: Infórmase ao Pleno que se renovou co Convenio da Diocese con ABANCA.

ASUNTO: Infórmase que vendeuse un monte en Prado (Morgadáns).

ASUNTO: Infórmase ao Pleno da situación de Don Juan Carlos Rial como Delegado de Bens Inmóbles.

### **Permanente do 3 de xullo.**

ASUNTO: Solicitud de aluguer dunha finca para adestramento canino na parroquia de Bembrive.

ACORDO: A Permanente resolve que acorda que non se permita nela a residencia de cans pero si que poidan ser adestrados sempre nun horario oportuno. Que se realice un contrato de aluguer estipulando estas condicións.

ASUNTO: Escrito do párroco de Tortoreos e Fiolledo expando a situación dunhas fincas.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve que se chame a empresa que xestiona estas fincas para solucionar a situación.

ASUNTO: Solicitud de compra dun terreo na parroquia de Alcabre.

ACORDO: Este asunto pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Situación da capela de Puxeiros.

ACORDO: A Permanente considera oportuno e coherente o pago da débeda e o cese da capela, consultarase co Vigairo de Pastoral a conveniencia do cese da mesma.

ASUNTO: Escrito de Don Juan Carlos Alonso sobre o FCD.

ACORDO: O Señor Vigairo Xeral falará con é sobre este tema.

### **Outros asuntos**

ASUNTO: Solicitud do Concello de Pontearreas para alugar parte dun terreo ao lado das instalacións do SC San Mateo.

ACORDO: Para dar resposta a este asunto, a Permanente do Consello de Economía solicítalle un informe ao párroco.

### **Permanente do 4 de agosto.**

ASUNTO: Promesa de Don José Emilio Veiga como membro do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud de axuda económica e permiso para reparar o tellado da igrexa de Tabagón

.ACORDO: A Permanente do Consello de economía resolve, que unha vez que teña todos os permisos necesarios para levar a obra, concédeselle unha axuda de 3000€.

ASUNTO: Solicitud dun aval bancario para acometer obras no cemiterio de Santa María de Taboexa.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud do Concello de Pontearas sobre un terreo en San Mateu de Oliveira.

ACORDO: Este tema falarase co párroco.

ASUNTO: Solicitud do inquilino da reitoral de Areas (Pontearas) para acometer obras.

ACORDO: Este asunto pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud de párroco de San Lourenzo de Oliveira para acometer obras no cemiterio parroquial.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía non ve oportunas as obras solicitadas, e vista a situación do cemiterio, pídelle ao párroco que como responsable dos bens parroquiais, manteña limpo e decente o cemiterio.

ASUNTO: Solicitud do párroco de San Lourenzo de Oliveira para solventar a situación dun terreo.

ACORDO: A Permanente recórdalle ao párroco o seu deber de administrar os bens parroquiais con responsabilidade.

ASUNTO: Oferta de compra dunha finca na parroquia de Porto.

ACORDO: Este asunto pasa ao Pleno do Consello de Economía.

### **Outros asuntos:**

ASUNTO: Solicitud de autorización de luces na parroquia de Panxón.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de economía.

### **Permanente do 7 de setembro.**

ASUNTO: Solicitud do párroco de Bouzas para acometer obras na reitoral.

ACORDO: A Permanente aproba esta solicitude, sempre e cando teña tódolos permisos necesarios.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Caldelas de Tui para poder alugar a reitoral.

ACORDO: A Permanente concédelle permiso.

### **Outros asuntos.**

ASUNTO: Solicitud de axuda económica do párroco de Tortoreos para arranxar as campás.

ACORDO: Este tema pasa para outra Permanente.

ASUNTO: Solicitud do Concello de Tomiño para poder catalogar unha árbore.

ACORDO: Este tema será estudiado como maior profundidade, e resolverase noutra Permanente.

ASUNTO: Solicitud do Concello de Mos para cederlle o adro por 50 anos para acometer obras nel.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Bouzas para vender un baixo e comprar unha edificación.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud para poder modificar o contrato de aluguer dunha finca en San Miguel de Cabreira.

ACORDO: O Señor Delegado de Bens Inmóbles porase en contacto co inquilino para proceder a modificación do contrato.

ASUNTO: Obras na estrada onde a Igrexa de Chapela. O Ministerio solicita alugar un salón da parroquia para poder gardar ferramenta.

ACORDO: O Delegado de Bens Inmóbles porase en contacto dos interesados e co párroco para proceder a elaborar un contrato.

### **Pleno 22 setembro**

ASUNTO: Solicitud dun aval bancario para acometer obras no cemiterio de Santa María de Taboexa.

ACORDO: O Pleno resolve conceder o aval bancario solicitado para pedir un préstamo bancario.

ASUNTO: Solicitud do inquilino da reitoral de Areas (Pontareas) para acometer obras.

ACORDO: O Pleno co Consello resolve que o inquilino presente outra oferta máis detallada, indicando a finalidade da casa e un plan de negocio.

ASUNTO: Solicitud de compra dunha finca na parroquia de Porto.

ACORDO: O Pleno do Consello de Economía resolve que non se contempla nestes momentos, a venta deste inmovible.

ASUNTO: Solicitud do Concello de Mos de cesión por 50 anos do adro da parroquia de Pereiras

ACORDO: O Consello de Asuntos Económicos resolve conceder autorización para as obras, cun prazo de 50 anos, pero mantendo as anteriores condicionantes de deixar lugares para párroco e persoas de mobilidade reducida, así como non se autoriza a situar nin canalizacións, nin servizos públicos municipais, sen permiso expreso e por escrito deste bispado.

ASUNTO: Solicitud de autorización para abrir luces na parroquia de Panxón.

ACORDO: O Pleno ve oportuno falar co párroco se estima oportuno esta solicitude ou non e que o presente por escrito.

ASUNTO: Solicitud para modificar o presuposto destinado a obras extraordinarias no Seminario Menor.

ACORDO: O Pleno do Consello de Economía resolve non modificar o presupostado en obras neste ano e presupostar máis para o vindeiro ano e así cubrir a totalidade dos gastos destinados a obras extraordinarias.

## **Outros asuntos:**

ASUNTO: Solicitud do párroco de Bouzas para vender un ben inmueble e mercar outro.

ACORDO: O Pleno de Economía estima necesario preguntarlle o párroco se esta operación ten como finalidade a futura apertura dun albergue ou é unha operación meramente especulativa

## **Permanente 6 de outubro de 2023**

ASUNTO: Solicitud do párroco de Bouzas para poder alugar a reitoral.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a esta petición, pero que o párroco teña en conta os riscos que poden con levar a circulación de persoas distintas dentro da casa reitoral.

ASUNTO: Solicitud da CCMM de Louredo para elevar a escritura pública unha escritura privada de compra-venda.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos económicos resolve que o párroco sexa coñecedor deste asunto e que este mesmo se poña en contacto co Delegado de Bens Inmóbles para resolver este asunto.

ASUNTO: Solicitud dun préstamo da Misión do Silencio.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos estima oportuno que o Vigairo Xeral, Don Juan Luís Martínez Lorenzo fale con Don Javier Alonso Docampo, para solicitarlle máis información sobre a situación da Misión do Silencio.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Tortoreos de axuda económica para poder reparar as campás.

ACORDO: Este tema, ao non ser de maior urxencia, trasládase para unha futura Permanente.

ASUNTO: Solicitud do Concello de Tomiño para poder catalogar unha árbore.



ACORDO: a Permanente do Consello de Economía accede a esta petición, estímase oportuno que se realice unha comunicación ao Concello de Tomiño dixitalmente.

### **Outros asuntos**

ASUNTO: Solicitud de axuda económica do párroco de San Bartolomeu do Couto para arranxar a tribuna.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve acceder a súa petición e concederlle unha axuda económica de 3000€ para sufragar as obras.

### **Permanente 3 novembro 2023**

ASUNTO: Solicitud para construír uns nichos no cemiterio de Toutón.

ACORDO: A Permanente resolve que unha vez que teña tódolos permisos necesarios para poder construír os nichos, concédese o permiso.

ASUNTO: Solicitud de axuda económica para lavar e encintar a igrexa de Riofrío.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve, que unha vez que teña tódolos permisos necesarios para levar a cabo as obras solicitadas, concédese unha axuda económica para sufragar parte delas de 8000€.

ASUNTO: Oferta de compra dunha finca en Porto.

ACORDO: A Permanente do Consello de Economía resolve non acceder a petición.

ASUNTO: Solicitud para alugar unha finca na parroquia de Bembrive.

ACORDO: A Permanente resolve que o Delegado de Bens Inmobles fale co solicitante para tratar o tema dos anos.

ASUNTO: Adro de Barrantes, situación e pago do gastado.

ACORDO: A Permanente estima preciso que Don José Luis Portela mande a factura do gastado é o Bispado farase cargo de pagala.

ASUNTO: Aceptación dunha herdanza na parroquia de Baldráns e posterior venda dos terreos.

ACORDO: Este tema pasa ao Pleno do Consello de Economía.

ASUNTO: Solicitud de axuda económica da confraría NPJS.

ACORDO: A Permanente desestima esta solicitude.

ASUNTO: Solicitud do párroco de Tortoreos de axuda económica para poder reparar as campás.

ACORDO: Este tema dáse por pechado, xa que Don Jesús Martínez Carracedo, o Señor Vigairo de Economía falou co párroco.

### **Outros asuntos.**

ASUNTO: Fundación José Estévez extínguese e deixa algúns dos seus bens para a Diocese.

ASUNTO: Solicitud para poder acometer obras na parroquia de San Pedro de Sárdoma.

ACORDO: A Permanente resolve que, unha vez que teña tódolos permisos necesarios para a execución das mesmas, concédese permiso da Diocese.

### **Permanente 23 de novembro**

ASUNTO: Solicitud para levar a cabo obras na parroquia de San Xurxo de Vilar.

ACORDO: O Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve que, unha vez que teña tódolos permisos necesarios para a execución das obras solicitadas, concédese unha axuda de 8.000€.

ASUNTO: Solicitud do párroco de San Lourenzo de Oliveira sobre a reitoral.

ACORDO: A Permanente do Consello de Asuntos Económicos resolve que estímase oportuno que a decisión de deixar en mans do Bispado tanto os gastos como os ingresos deste ben inmovible, sexa avalado por unha comisión parroquial, e se queren aportar ideas de uso do mesmo, sería ideal.

### **Outros asuntos**

ASUNTO: COPE, ÁBSIDE E 13TV.

Don Jesús Martínez Carracedo, o Señor Vigairo de Economía informa de que decidiron elaborar un vídeo para promocionar a Diocese, este ten un custo de 9.000€ máis iva.

ASUNTO: OBRAS EN FÁTIMA.

Don Juan Luis Martínez Lorenzo informa que se finalizaron as obras en Fátima, obras que son financiadas polo Concello de Vigo. Agora chegou o momento de efectuar o pago. O Bispado adiantará o diñeiro e logo o Concello ingresará no Bispado.

ASUNTO: HERDANZA A CÁRITAS DO ROCÍO.

Don Santiago Vega López informa que Cáritas do Rocío recibiu como herdanza un piso, están en trámites para recepciónala.

### **Pleno 15 de decembro**

ASUNTO: Presupostos 2024.

ACORDO: O Pleno do Consello de Economía aproba os presupostos diocesanos para o ano 2024.

ASUNTO: Solicitud dun préstamo da Misión do Silencio.

ACORDO: O Pleno do Consello resolve que Don Jesús Martínez e Dona Beatriz Arca falen coa Misión do silencio de decidan sobre este tema.

ASUNTO: Aceptación dunha herdanza e posible venda na parroquia de Baldráns.

ACORDO: o Pleno do Consello de Asuntos Económicos acorda aceptar a herdanza e vendela posteriormente.

ASUNTO: Aceptación dos bens da Fundación José Estévez trala súa disolución.

ACORDO: O Pleno do Consello de Economía resolve que este tema pase a unha xurista para o seu estudo e se tome a resolución máis axeitada sobre este tema unha vez realizado o estudo.

ASUNTO: Aceptación da Casa de Fernando Rivera.

ACORDO: O Pleno do Consello de Asuntos Económicos acorda que se acepte o legado e que os servizos xurídicos diocesanos tramiten os documentos necesarios para a recepción do legado.

CANCILLERÍA

SECRETARÍA

## Decretos

15 xaneiro.

Aprobación y entrada en vigor del “PROTOCOLO DE PREVENCIÓN Y ACTUACIÓN FRENTE AL ABUSO SEXUAL A MENORES Y PERSONAS VULNERABLES” y la “GÍA DE BUENAS PRÁCTICAS”.

### Documentos

- Protocolo de prevención y actuación frente al abuso sexual a menores y personas vulnerables ([Ver](#))
- Guía de buenas prácticas ([Gal-Es](#))

## Nomeamentos

O señor bispo asinou os seguintes nomeamentos:

6 xaneiro.

**D. José Rafael Antela Alfaya,**

**D. Daniel Goberna Sanromán,**

**D. Juan de Olazabal Zarauza,**

membros do Órgano de control do Fondo de Sostemento do Clero por catro anos.

5 febreiro.

**D. Arturo Garrido Rodríguez,** párroco de san Xurxo de Mosende, por seis anos, continuando coas que viña atendendo pastoralmente.

6 febreiro.

**D. Santiago Pérez Bouzada,** arcipreste do arciprestazgo de Vigo-Casablanca hasta a renovación dos Arciprestes (decreto 3/11/2020).

28 de febreiro.

**D. Daniel Goberna Sanromán,** delegado diocesano para o “Xubileo 2025”.

